

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

PRAZAS E BOLSAS NAS RESIDENCIAS XUVENÍS PARA O CURSO 2026/2027

Modalidades de adxudicación de prazas e distribución por residencia:

- Prazas en residencias xuvenís para estudantes.
- Prazas en residencias xuvenís para persoas estudantes colaboradoras bolseiras.
- Prazas en residencias xuvenís para persoas traballadoras.

Residencia	Prazas para estudantes	Prazas para persoas colaboradoras bolseiras	Prazas para persoas traballadoras	Total
Centro Residencial Xuvenil LUG	71	4	6	81
Florentino López Cuevillas (Ourense)	50	5	5	60
Altamar (Vigo)	79	6	7	92

Resérvanse 2 prazas en cada residencia para o caso de mozas que sufran violencia de xénero ou para mozos e mozas cuxas proxenitoras a sufrisen e/ou para persoas mozas con expediente de protección aberto. Ademais, na residencia Altamar de Vigo resérvanse 2 prazas para persoas con mobilidade reducida.

DURACION: O período máximo de estadía será de 11 meses durante o curso académico 2026/2027.

SOLICITUDES: ata o 22 de xuño de 2026 a través da sede electrónica da Xunta.

REQUISITOS:

Persoas estudantes non bolseiras:

- Ter os 16 anos feitos e non superar os 30 anos en 31 de decembro de 2026.
- Estar cursando estudos de bacharelato, FP, ciclos formativos, estudos universitarios de grao ou equivalente, doutoramentos ou estudos de mestrados universitarios oficiais.
- Que no concello onde radique a súa residencia habitual non exista oferta de centros públicos para realizar os estudos que vaia cursar. As persoas que contan centros públicos no seu lugar de residencia, pero non alcancen a nota ou puntuación para o ingreso, poderán optar ás prazas.

Persoas estudantes colaboradoras bolseiras:

- Ter os 18 anos feitos e non superar os 30 anos a 31 de decembro de 2026.
- Ter unha renda media familiar inferior ao 150 % do IPREM do ano en curso.
- Ser residente nalgún dos dous últimos anos nalgunha das residencias xuvenís.

Persoas traballadoras:

- Ter os 16 anos feitos e non superar os 30 anos en 31 de decembro de 2026.
- Que o lugar de traballo teña o enderezo nun concello distinto ao lugar de residencia habitual.
- Que a relación de traballo teña unha duración mínima de tres meses, e que estea dada de alta no réxime de persoas traballadoras autónomas da SS, no caso de ser traballadora por conta propia.

PREZO:

- Estudantes e traballadores: Habitación dobre 324€ persoa/mes. Habitación cuádrupla: 250€ persoa/mes.

- As persoas colaboradoras bolseiras desfrutarán do aloxamento e mantenza gratuítos.

INFORMACIÓN: <http://xuventude.xunta.es/>

Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. Dirección Xeral de Xuventude

Teléfono: 981 544 645 Email: programas.xuventude@xunta.es

Servizo de Xuventude e Voluntariado da Coruña: Teléfonos: 881 881 238, 881 881 240

Dúbdas ou dificultades técnicas na presentación de solicitudes: teléfono 012 ou 012@xunta.gal

PUBLICACIÓN: [DOG 20/05/2026](#)

[DOG 04/06/2025](#) (bases reguladoras)

Sede electrónica (sede.xunta.gal):

- Prazas para estudantes procedemento [BS303B](#)
- Prazas para persoas colaboradoras bolseiras procedemento [BS303C](#)
- Prazas para persoas traballadoras procedemento [BS303D](#)

Espazos de Información Xuvenil do Concello da Coruña

Tel.: 981 184 294 ☎ 606 362 366

cmix@coruna.es www.coruna.gal/informacionxjuvenil